

## RESUMO DO INFORME E CONCLUSIONS

### ***EUCALIPTOS E O FORESTAL ARBORADO GALEGO 2017.***

Ramón Varela Díaz

#### **Táboa de contidos**

Introdución.....	1
1. Superficie e Titularidade .....	2
2. Especies e Repoboacións forestais .....	3
3. Producción forestal e Cortas de madeira .....	5
4. Industria da madeira, Consumos e Valor .....	7
5. Incendios forestais .....	10
6. Plan de expansión do Eucalipto. ....	12
Conclusóns .....	17

## INTRODUCIÓN

Antes de entrar na análise do sector forestal, convén lembrar o seguinte:

a) O actual modelo de monte produtivo fai tempo que se puxo en cuestión, nos anos 1940-50 xa existiu unha forte oposición a repoboación forestal de especies de crecemento rápido xa que apartaba, suprimía ou prohibía a posibilidade de pastoreo no monte repoboad e impedia outros usos do monte. Mais tarde en 1988 propúxose pola sociedade e ante o Parlamento un modelo forestal que foi rexeitado (e silenciado), era a Primeira Iniciativa Lexislativa Popular, ILP, do Forestal. O 27 de xullo de 1988, presentábase no Rexistro do Parlamento de Galicia un texto en 12 folios elaborado por unha Comisión Promotora formada por representantes de grupos de defensa ecolólica, sindicatos agrarios, comunidades de montes, labregos e cidadáns a todo particular... que contiña unha Proposición de Lei de Iniciativa Lexislativa Popular para a “Conservación, Mellora e Desenvolvemento do Patrimonio Forestal”. Era a primeira ILP do Parlamento Galego, estaba asinada por 34.000 persoas (so se precisaban 15.000 asinantes) e pretendía entre outros aspectos:

Diversificación forestal. Incremento do patrimonio forestal de titularidade publica. Que o monte servira para conservación, producción e uso social. Diversificación dos usos do monte e industrial. Protección e aumento en extensión do bosque autóctono. Aumento da investigación forestal. Control dos cambios no uso do monte....

Defendida no Parlamento en xuño do 1989 foi apoiada só pola oposición formada polo Partido Popular PP, polo Bloque Nacionalista Galego BNG e por Esquerda Galega, EG e rexeitada polo Goberno ( tripartito: PSOE, CG e PNG), a votación foi 31 votos a favor e 33 en contra. Tres anos despois no Parlamento o Partido Popular saca adiante un Plan Forestal Galego, Plan que era e sigue sendo diametralmente oposta a proposta da ILP e que apoiara o Partido Popular en votación no 89.

b) Esta vixente un Plan Forestal desde o ano 1992, proxectado polo Goberno Galego (PP) para 40 anos, tivo

no 2016, despois de 25 anos a primeira Revisión. Pretendía alcanzar ao final do Plan unha extensión de forestal arborado de 1,67 millóns de ha, polo que hoxe persigue aumentar 250.000 ha a superficie arborada actual a costa de monte baixo, cultivos e praderías. Ademais nas conclusións afirma:

- 1. As plantacións de eucalipto excederon a extensión prevista. En masas monoestáticas xa superaron as previsións en 40.000 ha e en masas misturas xa excede en 190.000 ha , en total 230.000 ha más (15 anos antes do previsto).*
- 2. O bosque autóctono so cumpliu as expectativas previstas en Ourense quedando lonxe nas demais provincias especialmente A Coruña e Pontevedra.*
- 3. Ao Pinus pinaster so lle faltarían 12.000 has para alcanzar as previsións feitas para 40 anos.*
- 4. Os Pinus insignis e ao Pinus sylvestris considera que áinda podían duplicar a sua superficie ampliando a 135.000 ha e 74.000 ha respectivamente.*

... O texto que sigue axudará a entender aos lectores o tema forestal, os intereses que o guían e as grandes posibilidades que temos áinda hoxe. Necesitase partir de un modelo propio, nin alleo nin imposto .

Santiago, Maio 2017.

## **1. Superficie e Titularidade.**

### **Superficie**

. O Anuario Forestal do Estado do ano 2016 aseguraba que a superficie forestal galega era 1,98 millóns de ha mentres a A Xunta de Galicia ofreceu nese ano na 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia os datos da superficie forestal arborada e desarborada que se corresponden con 2.030.681 hectáreas (ha). De esta superficie o monte arborado ocupa 1.424.094,2 ha (monte arborado propriamente: 1.387.961,70 ha o resto ralo e outros 36.132,5 ha), representa o 70,1% da superficie forestal e o 48,2% da superficie total galega. Mentre o monte desarborado ocupa 606.586,8 ha, equivalente ao 29,9% da superficie forestal (ver Cadro I). Galicia representaría o 0,9% dos bosques europeos (UE-28) e o 7,7% da superficie arborada do Estado.

Pero estes datos da Xunta de Galicia son exactamente iguais aos do ultimo Inventario Forestal (INF4) do ano 2010, polo que temos unha foto fixa que so se move cada dez anos cando se volve realizar o Inventario do Estado (o próximo no ano 2020, INF5), o que indica que a administración galega é incapaz de poñer ao dia o que ocorre no forestal galego

.A Unión Europea UE-28 ten unha superficie arborada de 159,1 millóns de ha que cobren o 35,4% do territorio. O Estado Español ten 18,4 millóns de ha arboradas que representa a terceira maior extensión de superficie arborada dos países europeos e equivalente ao 36,3% da sua extensión e ten 0,4 ha de superficie arborada per cápita. Galicia con 1,4 millóns de hectáreas de forestal arborado ten o 48% do seu territorio arborado e ten 0,51 ha de superficie arborada per cápita.. Con relación a superficie desarborada o Estado Español ten 9,3-9,6 millóns de hectáreas que representan o 40% dos matorrais, pastizais e devesas da Comunidade Europea. A superficie forestal desarborada galega adicada a matorral é inferior a 600.000 ha (segundo unhas fontes e alcanza 625.000 segundo outras)

### **Titularidade**

. Temos unha moi baixa superficie de titularidade pública tanto do Estado, como da Comunidade Autónoma como dos Concellos. Os montes catalogados de Uso Público ocupan só 23.079 ha e si se consideran os montes do Estado, Comunidade e Montes Patrimoniais ocuparian 32.800 ha , mentres o último Anuario de Estadística 2015 fai referencia a un total de 30.232 ha en calisquer caso nonchega ao 1,5% da superficie forestal. No Estado as Entidades Públicas (sobre todo os Concellos) ostentan a propiedade do 31,4% do

forestal. Mentre a superficie forestal pública per cápita no Estado é de 0,19 hectáreas/habitante, en Galicia é 0,02 correspondendo coa mais baixa do Estado e a moita diferencia da inmediata superior.

Ter montes públicos do Estado ou dos Concellos é importante, permitiría entre outras cousas levar a cabo unha ordenación e xestión selvicola integrada coa agricultura e gandeiría e en función dos intereses locais, e fixar poboación no campo ligada ao monte, e mesmo servir de modelo ou exemplo para o monte privado.

- A superficie de montes veciñais en man común alcanza 666.735 ha (620.313 ha segundo Anuario 2015) e representa o 32,7% do total. Son 2.800-3.000 montes veciñais con un tamaño entre 200-250 ha/comunidade.

Moitos montes veciñais en man común (teoricamente non son susceptibles de división nin aproveitamento individual) na práctica teñen aproveitamento forestal individualizado, sen que a Administración o impida, só en Lugo o 48% do total destes montes están neste caso, os aproveitamentos realizanse sen acordo asembleario, sen limitación temporal, sen rotación de comuneiros...

- O monte privado individual, arborado e desarbolado, ocupa 1.312.172 ha que significa o 64,5% do total. Sendo moi importante o número de propietarios do monte, 672.000 (titulares catastrais forestais), tamén destaca o pequeno tamaño das parcelas que apenas superan un cuarto de ha en parcela media, e o 80% das parcelas son menores de 0,5 ha. Cada propietario no mellor dos casos alcanza con varias parcelas a ter dúas ou tres hectáreas de media.

. A administración forestal galega xestiona con contratos administrativos convenios ou consorcios un total de 315.499 ha é decir o 15,75% do monte galego, dos que 273.885 ha son de montes comunais (93%).

## **2. Especies e Repoboacións Forestais.**

### **Especies**

. Resulta moi difícil coñecer por especies concretas a superficie que ocupa o arborado, xa que as estadísticas oficiais e os Inventarios Forestais establecen interesadamente so tres grupos de arborado: Coníferas, Frondosas e Mixtas e intencionadamente na clasificación “Frondosas” teñen incluído un conxunto moi diverso, comprendendo tanto aos eucaliptos (frondosas perennes de crecemento rápido ) como arborado autóctono ( frondosas caducas de crecemento mais ou menos lento como os carballos, castiñeiro, bidueiros, ameneiros... mesmo outras frondosas alóctonas ou autóctonas como carballos americanos, choupo...), algo semellante ocorre co termo “Mixtas” xa que non coñecemos con exactitude a porcentaxe da especie dominante ou dominantes, consideran misturas de piñeiro e carballo, de piñeiro e eucalipto, de eucalipto e carballo...consideran misturas de dúas especies cando en realidade existen máis misturas.

No ano 2016 a Xunta de Galicia (1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia) afirma que as masas puras ou mixtas de frondosas autóctonas e os bosques de ribeira ocupan mais de 400.000 ha e delas dálle ao carballo 350.000 hectáreas, tamén afirma que o eucalipto ocupa mais de medio millón de hectáreas, cifra moi superior a do conxunto do bosque autóctono. As coníferas logo corresponderíanlle da orde de medio millón de hectáreas.

A situación actual , ano 2017, sería aproximadamente a seguinte

Coníferas masas puras	Eucaliptos masas puras	Coníferas puras e mixtas	Eucaliptos puras e mixtas	Bosque autóctono
434.000 ha	390-400.000 ha	500.000 ha	35% 570-585.000 ha	39% 375-410.000 ha 26%

Si miramos cara o futuro observamos que as repoboacións consideradas hoxe de arbores xoves ocupan da orde de 145.000 ha, pero unha vez mais piñeiro e eucaliptos están a moita distancia con respecto das frondosas autóctonas. As coníferas xoves representan con relación a superficie total arborada o 6,28% (87.759 ha), as de eucalipto xove 2,81% (39.814 ha) e as de frondosas autóctonas so 1,22% (17.221 ha). Si hoxe as arbores mais abundantes e que ocupan maior extensión son os eucaliptos, no futuro seguirá sendo así.

### Repoboacións

. Mentre no Estado Español as repoboacións forestais fixéronse na sua maior parte con especies autóctonas, propias do lugar onde se realiza a plantación, aquí todo o contrario as repoboacións foron exclusivamente de especies foráneas ou autóctonas como eucaliptos de Nova Zelandia, Tasmania e Australia, coníferas de California, Oregón e Portugal ... Si no Estado o 19% da superficie forestal arborada está composta por unha sola especie arbórea e dominan as formacións pluri específicas, aquí o 55-60% da superficie forestal arborada comprende monocultivos de piñeiro e monocultivos de eucalipto en masas puras e o 75% si consideramos masas puras e mixtas das especies de crecemento rápido.

Entre o ano 1991 e 1995 a repoboación forestal alcanzou 47.010 ha. A finais do século XX estabase repoboando en Galicia cunha media de 23-24.000 ha/ano e durante o período 2005-2007 repobouse en Galicia con 26.700 ha/ano de media e so superou esta cifra Castilla e León con 46.600 ha. No período que vai do ano 2000 ao 2013 a Xunta recoñece que se plantaron 135.000 ha a un ritmo de media anual de 10.000 ha (no 2006 foron forestadas e reforestadas 13.600 ha por exemplo, das cales foron subvencionadas pola PAC 6.300 ha (terras agrícolas) e as restantes 7.300 ha foron 1<sup>a</sup> e 2<sup>a</sup> repoboacións). Dende o 2013 ao 2017 sigue acentuándose tanto as forestacións en terras agrícolas como a repoboacións podendo pasar de 15.000 ha/ano, a gran mayoría de eucaliptos.

**Repoboacións en matorral.** No Plan Forestal do 92, quedaba claro que o matorral tiña que deixar paso ao arborado, a extensión de matorral tiña que diminuir 472.263 ha. En Galicia o número de hábitats de interese Comunitario é de 72 (a terceira parte do establecido na Directiva Europea) dos que 18 son prioritarios (1/4 do total). Entre o 2004 e o 2016 todos os hábitats, en especial as zonas de matorral, os queirogais secos, de alta montaña, queirogais húmidos... reduciron a sua superficie entre outras razóns por mor da forestación con cultivos forestais de crecemento rápido como eucaliptos ou piñeiro. So na zona de Ancares-O Courel entre o 2003 e 2011 perdéronse 7.000 ha de queirogais secos perdéndose a quinta parte destas formacións e o mais grave foron realizadas con cargo a fondos comunitarios. Na serra do Xistral foron afectados os queirogais húmidos con especies endémicas, os terreos pasaron a plantarse de eucaliptos, piñeiro e pasteiro. Os eucaliptos chegan a substituír queirogais húmidos na parte alta da bacia do Eume, nas Pontes,... A perda de extensión do matorral sigue ano tras ano.

**Repoboación en terras agrícolas.** Un factor que inflúe na repoboación en terras agrícolas e concretamente en pasteiro é a interpretación que fai a Xunta de que os "pasteiro" e calquera terreo pastable son monte forestal cando non é asi e arquiva case sistematicamente as denuncias presentadas por este motivo. Na mesma Lei de Montes non se define os pasteiro como forestais o que si define é o aproveitamento de pastos en terreo forestal que é algo moi distinto.

Recentemente algúns sindicatos agrarios deu a cifra de 30.000 hectáreas de terreo agrícola plantadas ilegalmente a eucalipto nos últimos anos, serán seguramente bastantes máis. A administración sigue xogando un papel importante e determinante nas repoboacións, baixo a desculpa de incrementar as masas forestais como sumidoiros de carbono e para contribuír a loita contra o cambio climático entre o ano 2007 e o 2013 . Mesmo para o ano 2011 existiu unha liña de axudas (Orde 17 xuño 2011 DOG 123) da Xunta cofinanciada co Funder (Fondo Europeo de Desarrollo Rural) para forestar en terreo forestal non arborado

( zonas de matorral) , e ademais en zona de pasto con arborado e pasto arbustivo. Os importes da subvención chegaban ao 80% do valor da inversión en varios conceptos, ademais de primas de mantemento durante 5 anos, asi como axudas para infraestrutura para superficie mínima de particulares en forma individual era 3 ha en xeral en coto redondo e 5 has si era castiñeiro de froita. ¿Pero que particular ten 5 ha para plantar? . Convén lembrar que con criterios científicos o 50,4% de Galicia é apto para cultivos ( terras de menos do 20% de pendente, mais de 50 cm de fondura) e outro 23,7% podian permitir un cultivo suprficial e controlado para pastos permanentes, ambos ocuparian o 74,2% do total. As repoboacións logo van en sentido contrario.

Repoboacións en veigas e a beira dos ríos. Observase que en diversos lugares tamén se estenden as plantacións forestais en zonas de veiga, terras agrícolas de inmellorable calidade, nas ladeiras de montes próximas ao nacemento de fontes, mananciais e como xa comentamos ao nacemento de regos ou ríos e a mesma beira do nacemento dos ríos e nas súas marxes<sup>1</sup>. Pódese comprobar no río Eume, Miño (no Pedregal de Irimia ), a beira do nacemento do Azúmara afluente do Miño... todos con plantacións de eucaliptos recentes no 2015 e 2016.

	Coníferas	Frondosas	Mixtas	TOTAL
Galicia	401.034	740.694	279.868	1.421.597
Estado	6.829.842	10.057.953	1.401.823	18.289.618
Posto e Porcentaxe que ocupa G/E	7 5,87%	5 7,36%	1 19,96%	7 7,77%

### 3. Producción forestal: Cortas de madeira

. O volume de cortas de madeira no 2015 con destino a industria ascendeu a 8,25 millóns de metros cúbicos. O eucalipto representa mais do 50% do total das cortas por séptimo ano consecutivo. Mais das dúas terceiras partes da superficie arborada galega esta ocupada por especies produtivas en explotación de crecimiento rápido. Pódese asegurar que Galicia representa da orde do 4-5% das masas produtivas do Estado pero é aquí onde se corta entre o 50 e o 60% da producción madeireira (58% no 2015 en 70-81.000 cortas de madeira/ano). Algún ano a provincia de Lugo subministra a cuarta parte de toda a madeira do Estado.

A maioría do monte arborado produtivo en madeira, mais das dúas terceiras partes, está con nula xestión forestal e podería considerarse en “abandono”, sin coidado, sen podas, sen entresacas, sen limpeza para que non arda... este monte plantase e esquecese un del, esperando que non chegue aquí o lume e que chegue o tempo para talar e recoller o diñeiro que lle queiran dar pola madeira, si son eucaliptos vendelos aos 12-15 anos para a celulosa ao prezo que paguen.

#### Tala por especies. 2015 e 1989. Metros cúbicos con codia.

	Eucaliptos	Coníferas	Frondosas e outr	Total
2015	4.458.930	3.514.945	280.000	8.253.000
1989	1.670.000	4.800.000	115.000	6.585.000

Fonte : Confemaderagalicia.es . Cadena de valor 2015. Total cortas no 2015. Plan Forestal 1992 ( para 1989)

1 Con repercusión noscauces fluviais e nos acuíferos e manantiais de auga potable.

Si analizamos as estadísticas, Galicia ocupa o primeiro posto no Estado pola producción de madeira. Dos 15 millóns de metros cúbicos que se cortan no Estado 8,25 millóns son galegos. Castilla e León corta anualmente 2,2 millóns de m<sup>3</sup> e o o País Vasco 1,2 millóns, as demais comunidades autonómicas non chegan ao millón de m<sup>3</sup>. Mientras a produción de madeira no Estado nos últimos 24 anos mantívose estancada – salvo excepción de dous anos- en cifras comprendidas entre 13-15 millóns de metros cúbicos, a produción en Galicia foi en aumento .

. A Xunta de Galicia pretendía no 2010 alcanzar para o 2015 500.000 ha de monte produtivo certificado e a dobre certificación para a totalidade dos Montes de Xestión Pública. Porén a superficie certificada no ano 2015 ascendía a 176.318 ha en PEFC (“*Programme for the Endorsement of Forest Certification*”) e 44.740 has en FSC (“*Forest Stewardship Council*”) que representan o 9,1% do Estado e o 18,1% respectivamente. O numero de instalacións con certificado de cadea de custodia PEFC non chega 300 de un total no Estado que supera as 1000. Un ano máis tarde no 2016 aumentara a superficie certificada en so 14.273,45 ha e na actualidade as cifras son moi similares as do ano 2016, podemos decer que a superficie ordenada debe estar próxima as 200.000 ha, representa apenas o 10% do total forestal, dela a maioría é de superficie privada. Pola contra no Estado existen cerca de dous millóns de hectáreas certificadas , o forestal si está mais ordenado en: Navarra 50,82% do total, Cataluña o 38,84%, Andalucía 26,26%.

. Leña. A produción de leña no noso monte contrasta coa produción de madeira, na maioria de países Europeus a leña siñifica do 20 ao 50 % do total das talas, aquí polo contrario diuselle prioridade absoluta a madeira fronte a outras posibilidades do monte arborado como a leña. Por exemplo producimos 20.320 toneladas no ano 2013 mentres no Estado se sacaban 1,7 millóns de toneladas, e algo similar ocorre nos últimos anos, situación moito más grave se consideramos que o crecemento anual de leña en Galicia representaba o 11,7% do total de leñas con codia.

**Grandes demandantes de madeira.** A fabrica de celulosa de Pontevedra ENCE adquire madeira de eucalipto nun volume que oscila en media anual de 2,2 millóns a 2,5 millóns de metros cúbicos. ENCE estima que precisa para manter un subministro sostido de madeira unhas 138.318 hectáreas de cultivo de eucalipto. Na actualidade ENCE xa xestiona mais de 10.000 ha de eucalipto para garantir un mínimo subministro e “xogar” cos prezos. Considerando que ENCE ten dúas fábricas – Navia en Asturias e Pontevedra- que utilizan materia prima galega a extensión que require pode pasar das 300.000 has de cultivo de eucalipto. As fabricas de taboleiros tanto de FINSA como doutras empresas consumen un volume similar ao consumido por ENCE , pero neste caso demandan moita mais madeira de coníferas que de eucalipto.

Cortas de madeira. Galicia. Eucalipto, Coníferas, Frondosas e Total.- Millóns de m<sup>3</sup> con codia

	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	
Eucalipto	1,71	2,34	2,39	2,73	2,76	2,8	2,68	2,55	2,65	2,69	2,56	2,70	2,96	3,15	3,68	3,08	3,55	4,14	3,92	4,13	3,75	4,46	
Coníferas	2,52	3,12	3,29	3,62	2,95	2,99	2,89	2,45	2,07	3,21	2,64	2,72	3,44	3,65	3,90	2,88	3,11	338	3,36	3,42	3,46	3,51	
Frondosas	0,13	0,12	0,15	0,13	0,12	0,12	0,16	0,19	0,17	0,22	0,23	0,4	0,3	0,35	0,41	0,18	0,22	0,23	0,34	0,26	0,26	0,28	
Total	4,4	5,6	5,8	6,5	5,9	5,9										7,98	6,2	6,9	7,76	7,52	7,8	7,47	8,25

#### 4. Industria da madeira, consumos e valor.

.Como vimos talase anualmente 8,25 millóns de m<sup>3</sup> de madeira, deles algo mais de 7 millóns de m<sup>3</sup> utilizanse aquí para os serradoiros, fabricas de taboleiros e a fábrica de pasta de celulosa de ENCE de Pontevedra. En total contabilízanse no noso país da orde de 2000 empresas da madeira e do moble e sube ate preto de 3.000 empresas si se inclúen as empresas de aproveitamento forestal. Outras comunidades que cortan moita menos madeira que Galicia como Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana, Madrid, supérannos en número de empresas da madeira e do moble.

##### Primeira transformación da madeira

1. Os serradoiros utilizan 2,77 millóns de m<sup>3</sup> e deles aproximadamente 80% son madeira de coníferas e 10-15% eucalipto o resto 5-9% frondosas do país. Producen 1,6 millóns de m<sup>3</sup> de madeira serrada (ver Cadro VIII). No ano 1989 utilizaban 3,89 millóns de m<sup>3</sup>

2. As fabricas de taboleiros (taboleiros de partículas: 43% ; taboleiros MDF : 52%; duro 3% ; contrachapado, chapa e outros 2%), utilizan 2,2 millóns de metros cúbicos de madeira, principalmente coníferas e en moita menor medida eucaliptos e menos ainda frondosas autóctonas. Producen 1,59 millóns de m<sup>3</sup> de taboleiros e chapa.

3. A fabrica de pasta de papel de ENCE adquire madeira nun volume que oscila entre 2,2 e 2,5 millóns de metros cúbicos de eucalipto ( media do 2011-2014)para producir 429.000 toneladas de pasta (100% TCF), cando nos anos 70 producia 30.000 t/ano de pasta a partir de coníferas.

. Segundo a Xunta de Galicia ( 1<sup>a</sup> Revisión do PFG, 2016) no período 1992-2013 o destino da madeira repartiuse asi: 35% serradoiros, 30,3% taboleiro e chapa e 32,4% pasta de papel. Cabe supoñer que o 2,3% restante ten outros usos ou exportase directamente. No ano 2015 teriamos que o 32% da madeira utilizariase nos serradoiros, o 27% as fabricas de taboleiros e o 30% a celulosa, quedando un 11% para outros usos e exportación.

Consumo e Producción na primeira transformación da madeira.

	Serradoiros	Taboleiros e Chapa	Pasta para papel	Total
Consumo de madeira. m <sup>3</sup> cc	2.770.000	2.200.000	2.2-2.500.000	7.470.000
Producción . m <sup>3</sup>	1.600.000	1.590.000	429.000 TAD	--

Fonte: Confemaderagalicia.es. ENCE. Elaboración propia.

##### Segunda transformación da madeira

Comprende a fabricación de envases e embalaxes, carpintería e ebanistería, mobiliario e obxectos da madeira, fabricación de papel e transformación de cartón...

Tan so transformamos dentro de Galicia o 20% da madeira serrada, o 30% dos taboleiros e chapas e menos do 1% da pasta de celulosa, ou o que é o mesmo sae fora de Galicia e exportamos o 80% da madeira serrada, o 70% dos taboleiros e chapa e o 99% da pasta de celulosa. De aí que o trafico marítimo de produtos da madeira e derivados como pasta, taboleiros... move 1,6 millóns de toneladas e participen no embarque oito portos ( Marín, Ribadeo, Vigo, Ferrol-San Cibrao, Vilagarcía, A Coruña, Cee e Laxe).

Cadro IX. Produtos da primeira transformación utilizados en Galicia para a segunda transformación.

Madeira serrada para segunda transformación en Galicia	Taboleiros e chapas para segunda transformación	Pasta de papel para transformar en Galicia
20%	30%	Menos do 1%

Fonte: Confemaderagalicia.

Producción industrial. No ano 2011 Galicia producía no Estado Español o 50% da madeira en rollo, o 43% da madeira serrada, o 33% da producción de taboleiros, o 35% da producción de pasta de papel, e so o 8% da industria do moble. A Lei de Montes 7/2012 da Xunta de Galicia, vixente dende agosto do 2012 cita que Galicia con relación ao Estado produce o 40% da madeira serrada, 60% dos taboleiros e o 20% da producción de pasta de papel, pero a porcentaxe da producción de mobles nin se cita (ao ser insignificante?). A situación no ano 2016-17 pode ser moi similar en porcentaxes.

A vista do datos Galicia esta especializada na producción de produtos intermedios : madeira, taboleiros, pasta de papel pero ao non ter unha notable industria de carpintería , mobles, fabricación de papel, artes gráficas... perdemos un importante valor engadido, ademais temos que exportar preto de un millón de metros cúbicos das cortas de madeira xa que a industria non a absorbe. Danse paradoxos curiosos por exemplo e como anécdota observamos que os nosos paseos de madeira a beira do mar, nas praias, paseos fluviais, parques infantís das vilas e cidades locen madeira tratada e importada dos países nórdicos ou de centro Europa cando podíamos realizar as mesmas obras con madeiras dos nosos montes e podía existir unha industria e investigación que competira neste campo con outros países e mesmo podíamos estar exportando nós. O mesmo podíamos dicir da pouca madeira empregada na rehabilitación de vivendas ou na nova construcción con vivendas prefabricadas de madeira, ou en boa parte do moble e mobiliario que nos venden en algunha gran superficie de marca coñecida que teñen a sede e orixe no norte de Europa, por outra parte competidores nosos.

Valor. A venta da madeira no monte ou as talas en orixe representan da orde de 300 millóns de euros (280 millóns no 2014) repartidas entre aproximadamente 70.000 propietarios. Na primeira transformación da madeira os rematantes (que compran madeira, cortan, preparan, clasifican, distribúen e realiza traballos administrativos) facturan 424 millóns de euros, o serrado 306 millóns e o sector taboleiro e pasta de papel factura 825 millóns. Na segunda transformación facturan 386 millóns en carpintería e mobiliario, cifra que aproximadamente diminuíu a metade dende o ano 2007. No ano 2015 a industria da madeira e moble facturou 1.941 millóns o 11,2% mais que no 2014 e o sector emprega da orde de 20.000 persoas.

. Exportación. Galicia ocupa na actualidade a terceira posición do Estado por exportación de madeira ou produtos derivados dela (ver Cadro ), exportamos en total no ano 2015 por valor de 1,6 millóns de toneladas a través de oito portos en dirección a Portugal, Francia, Reino Unido, Países Baixos, Marrocos, Italia, Estados Unidos, Irlanda...O valor das exportacións alcanzaba 768,1 millóns de euros en pasta de papel, taboleiros de fibras e de partículas, mobiliario e madeira. So en pasta exportaron 189,2 millóns de euros e en mobles 173 millóns, en madeira en bruto 71,3 millóns, en taboleiros 222,6 millóns. Ao mesmo tempo importamos produtos forestais e madeira de calidade que podíamos estar producindo aquí para fabricar mobles por valor de 262 millóns de euros. A necesidade de madeira de arbores nobres é patente para a industria da segunda transformación da madeira, a falta desta madeira repercute negativamente nos aserradeiros e nos postos de traballo de diversas industrias ligados a carpintería, ebanistería... de forte raizame en tempos pasados no noso país.

Resumo destino da madeira cortada m<sup>3</sup> con codia.

	Serradoiros	Taboleiros e Chapa	Pasta de Papel	Total aproximado
Primeira transformación m <sup>3</sup> CC	2.770.000	2.200.000	2.200.000-2.500.000 1.486.000 t	7.300.000
Producen en m <sup>3</sup>	1.600.000	1.590.000	429.000	
Segunda transformación en Galicia	20% dos produtos da primeira transformación	30%	Menos do 1%	
Exportación	80% dos produtos da segunda	70%	99%	

<b>Porcentaxe</b>	transformación.			Exportación de 1,6 millóns de toneladas
<b>Valor</b>	Valor: Madeira en bruto: 71,3 . Móbiles 173 e outros 11,9 millóns de euros.	Valor: 222,6 millóns euros	Valor: 189,2 millóns euros	

Fonte: Informe resultados Confemadera Galicia. Universidade de Vigo 2015. Elaboración propia

. A industria das frondosas propias e do bosque caducifolio. O noso bosque autóctono aporta anualmente menos de 300.000 metros cúbicos de madeira con codia (280.000 m<sup>3</sup> no ano 2015, 260.000 m<sup>3</sup> no 2014) a un total de 8,25 millóns que se talan. A madeira de calidad de arbores autóctonas ten mercado e industria, e o bosque autóctono e o matorral ten aproveitamento de produtos diversos como cogomelos, mel e froitos ... baste citar que no ano 2013 contabamos con 109.744 colmeas que producian mel, cera, polen, própolis...e estaban adicandose a esta labor da orde de 3.800 persoas sen contar a gran importancia da apicultura na polinización dos cultivos agrarios e no mantenemento da biodiversidade e na variabilidade xenética... pero increibelmente seguen considerando ao bosque caducifolio non produtivo porque non está producindo madeira a velocidade do piñeiro ou eucalipto.

-Madeira, froito, alimentación. No caso dos Carballos , a sua madeira é moi codiciada, por exemplo nos últimos anos fabricas de whisky escocés (“The Macallan” de Speyside) e whisky irlandés (“Iris Distillers” con sede en Cork) interesáronse polos carballos galegos que dan unhas excelentes propiedades ao whisky que venden (de alta gama) e adquiriron no primeiro caso 20.000 arbores centenarios dos bosques de Pedrafita e Terra Chá e no segundo 10.000 arbores, todos escollidos e de certo diámetro. Ademais un serradoiro de Baralla prepara madeira de carballo e doutras madeiras como “carballo americano e europeo” para facer barricas para o mercado irlandés. A madeira rica en taninos, enviase a “Jerez de la Frontera” onde rematan o traballo preparando as barricas ( e enchéndoas con xerez que permanece un ano na barrica) antes de enviala ao extranxeiro. O carballo galego compite con madeiras de calidad francesas ou americanas neste campo.

No caso do Castiñeiro, a sua madeira ten un prezo elevado, o metro cúbico da madeira de castiñeiro para serra duplica e ate cuadriplica o prezo para serra de eucaliptos e piñeiro e algo parecido podiamos dicir doutras frondosas caducifolias Si nos referimos ao froito do castiñeiro, contamos aproximadamente con 38.000 ha produtivas de castaños ainda que a superficie sexa maior, a produción de castañas en Galicia oscila entre 15 e 25 millóns de kg/ano con valor que supera os 30-40 millóns de euros. Normalmente unha arbore produce 30-55 kg de castañas/ano e nunha superficie dunha ha aos 15 anos ( conséguese que empecen a producir aos 4-5 anos) xa pode producir 6.000 kg/ano. O prezo da castañas oscila entre 0,80 euros/kg ate 2-2,5 a de mellor calidad e pagase incluso máis a de cedo, polo que a rendibilidade media ben explotado un souto pode oscilar entre 5-7.000 euros/ha/ano moi superior a rendibilidade da madeira de eucaliptos e piñeiro. Mais de 60 países comen castañas galegas que exportamos. Contamos con mais de 100 variedades de castaña moitas áinda sen catalogar adaptadas aos diferentes microclimas da nosa xeografía. O ano pasado estaban catalogadas 81 variedades que se comercializan en fresco , secas e nunha decena de formas: castaña pelada, conxeladas, conciñada...

Antigamente alimentábase ao gando algúna época do ano con castañas. No ano 2012 a empresa COREN iniciou a alimentación de porcino das súas granxes engadindo castañas , no ano 2015 xa utilizou 1000 toneladas de castaña, con excelente resultado. A rentabilidade do castiñeiro e evidente mesmo segundo información da prensa diaria a empresa “Sobrado Forestal” sociedade participada por “Pontegadea” inverteu recentemente 1,2 millóns de euros para plantacións de castaño en Sobrado dos Monxes. Ademais os castiñeiro si se plantan micorrizas aos 8 anos poden estar producindo 200 kg de cogomelos, Boletus edulis, e 2000 kg de castañas e unhos anos despois alcanzan 250 kg de Boletus e 3000 kg de castañas, nin que dicir ten que os cogomelos teñen un prezo moi superior a castaña.

## **5. Incendios Forestais.**

. Estamos a cabeza do Estado Español por número de lumes e por superficie afectada . No ano 2015 Galicia representava o 24,22% do total de incendios e conatos de incendios e o 12,57% da superficie queimada (MAGRAMA), unha situación similar ou maior prodúcese en calquera ano. No ano 2016 arderon máis de 20.000 ha que representaban mais da terceira parte do total do Estado. Os incendios ocasionáronnos enormes gastos sociais, económicos, danos nos ecosistemas e humanos. So no capítulo de perdas económicas asociados aos danos ocasionados e para o ano 2006, algúns estudos e estimacións de economistas dan perdas que oscilan entre os 211 millóns de euros si se consideran os danos a curto prazo ou 582 millóns de euros si se ten en conta o longo prazo, para o 2016 ano no que ardeu unha extensión que é a cuarta parte que no 2006, estas cifras son bastante menores pero áinda así moi altas.

. Os plan de apagar os lumes da Xunta (Pladiga) non parece que serva na realidade, para o ano 2016 fixaran como obxectivo non superar os 700 incendios e en realidade triplicáronse e todo despois de que mobilizara a 7000 persoas ( aportados polo executivo galego, exercito, Ministerio e demais administracións). Tiña tamén como recursos 360 motobombas, 30 medios aéreos (10 avións e 20 helicópteros), 19 vehículos terrestres (pas escavadoras e vehículos de urxencia..). Por si fora pouco delimitánse 67 parroquias de alta actividade incendiaria e ponse en marcha un novo sistema dixital de comunicación e un programa informático de xestión integral de incendios en tempo real. Todo isto para nada ou para ben pouco, arderon mais de 23.000 has.

. Alto custo económico. A loita contra incendios forestais (gastos de promoción, valorización, prevención, infraestruturas e extinción) da Xunta de Galicia estaba presupostada no ano 2016 en 100 millóns de euros e os gastos de ordenación da producción forestal estaba presupostada en 72,5 millóns de euros. No ano 2015 o 69,45% do presupuesto vai destinado a extinción de incendios, no ano 2014 a cifra era similar 66,51%.

Dos 820 millóns presupostados para o periodo 2008-2012 o 66,4% foron a parar a prevención e extinción de incendios e o 33,5% a políticas de desenrollo forestal. Algo similar ocorría en calquera ano dos últimos quince e incluso antes, por exemplo no ano 1993 a Consellería de Agricultura destinaba 2.993 millóns de pesetas para loita contra os incendios forestais e no ano anterior eran 2.977 millóns. Pola contra a empresa privada de celulosa ENCE máxima beneficiada pola política forestal actual so gasta anualmente na prevención de incendios entre 600.000 e 1,2 millóns de euros cando precisa ter a súa disposición so para a celulosa de Pontevedra unha superficie superior a 138.000 has de cultivo de eucalipto para manter un subministro sostido.

. Por outro lado os incendios favorecen a instalación de novas masas de eucaliptos, esta planta pirofítica arde con facilidade, dado que é unha especie moi inflamábel todo o ano, non so ten un medio idóneo nas cinzas para que broten as súas miles de sementes que están ou chegan ái senón que é capaz de brotar despois de pasar o lume. Así lentamente en zonas de matorral que arden ou en pinares calcinados atopamos miles de plántulas de eucalipto que tratada convenientemente - xa que son inmanexables- serve para produción futura de madeira. Entre as estratexias do eucalipto co lume atópanse ademais da boa xerminación das sementes os rebrotos das xemas axilares latentes ou adventicias que se activan no tallo despois de pasar o incendio e das xemas latentes subterráneas das raíces no “ lignotuber” ou avultamento, que rebotan rapidamente tras o incendio xa que teñen reservas .

. A loita contra os incendios debe centrarse en especial na prevención. Non existe un plan alternativo de prevención de incendios que contemple o aumento de introducción de gando ovino, caprino, bovino ou

equino, especialmente no matorral que é o que más arde (curiosamente) ou mesmo responsabilizar da limpeza dos pinares e eucaliptais aos donos da propiedade onde se asentan as repoboación, así como facelos responsables de que sexan garantes de cuidalos e que non ardan e mesmo sancionar se os montes comunais ou particulares non están coidados para evitar o risco e o lume. Tampouco se contempla o cambio de especies a outras caducifolias que crean un ambiente menos propenso ao lume, nin establecer por parte da Xunta un imposto verde tanto para tala de madeira como para determinadas especies como eucaliptos, imposto que levaria a que o recaudado se invertira no meio ambiente, na prevención e na loita contra os incendios .

A loita contra os incendios non consiste en que ano tras ano vexamos mais helicópteros, aviós, motobombas...isto só é mercado e propaganda, necesitamos unha nova política forestal que faga fronte eficazmente aos incendios e que actúe fundamentalmente na prevención de múltiples formas, pero a Administración parece non ter forza, intres nem vontade para esixirlle aos propietarios do monte o que ela mesmo non cumple e que esta escrito nas súas Ordenanzas, Normas ou Leis no referente diversos aspectos: distancias a parcelas estremeiras, limpeza do monte, cortalumes, talas a feito, lei de avaliación ambiental, Rexistro de masas autóctonas..

Número de Incendios por provincias e superficie afectada (ha).2001-2016

	Número de incendios					Superficie queimada ha		
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total Galicia	Arborada	Total Forestal queimada	Superc non forestal
1969-1978					14.220	219.325	426.599	
1979-1988					31.884	230.585	545.451	
2001	2.640	945	3.559	2.841	9.985	4.014,3	18.353,6	471,4
2002	2.326	1.275	3.896	3.276	10.773	7.578,4	26.125,2	198,0
2003	1.921	1.609	2.695	2.338	8.553	4.946,0	19.819,7	166,8
2004	2.993	1.043	3.348	3.234	10.618	10.128,1	21.970,3	1.870,1
2005	2.641	1.141	4.292	3.899	11.973	22.131,5	57.452,2	1.538,9
2006	2.387	897	1.613	2.099	6.996	55.532,8	95.947,4	1.587,7
2007	557	350	1.465	785	3.157	1.190,9	7.051,1	9,9
2008	366	292	1.348	540	2.546	998,2	6.335,8	73,5
2009	738	510	1.794	928	3.970	2.277,0	10.741,3	212,3
2010	925	471	1.416	1.040	3.852	3.034,0	14.807,3	38,0
2011*	1.177	1.040	2.609	1.516	6.342	9.270	42.390,2	
2012**	741	668	1.525	860	3.794	5.038,7	15.598,2	--
2013***	883	523	1.227	948	3.581	7.747,4	19.775,8	
2014	312	250	453	212	1.227	506,9	2.005,8	
2015	629	449	1.207	597	2.882	4.490,68	11.802,16	
2016					2.300		20.400 aprx	

Fonte: MAGRAMA e Xunta. Los incendios forestais en España varios años. Para series agrupadas R. Varela 1990. Eucaliptos, Celulosas e o Forestal galego. Elaboración propia.

\* Especie mais afectadas P. pinaster con 4.61,82 Has , siguelle E. globulus con 1.404,96 has, sendo intencionados 77,48%

\*\* Especie mais afectada P. pinaster con 1.757,81 Has, siguelle E. globulus con 1.038,86 Has, sendo o 76,4% intencionados

\*\*\* Especie mais afectada P. pinaster 1.557,81 has, Eucalipto 1.38,86 e 71,66 % intencionalidade

## 6. Plan de expansion do Eucalipto

Como se pode explicar a expansión do Eucalipto ? . O Plan Forestal Galego elaborado pola Xunta de Galicia para 40 anos, transcorridos so 25 anos xa supera a extensión prevista ao final do Plan. Son 40.000 ha más das esperadas en masas puras e 190.000 ha en masas misturas. As razón son varias: Axudas económicas e continuadas das Administracións Europeas, Españolas e Galegas; axudas lexislativas do Goberno; permisividade e relaxación de Normas e Leis; os incendios forestais provocados; a invasión do eucalipto en zonas próximas as plantacións, zonas de bosque autóctono, matorral...; a falta de plántulas de especies autóctonas e o alto prezo que teñen en viveiro...

### 1. Axudas Económicas das Administracións.

As axudas económicas as repoboación de eucaliptos e coníferas foron xenerosas, rápidas e constantes no tempo. A Comunidade Europea, deficitaria en madeira, estivo moi interesada en Galicia dende o primeiro momento en potenciar as repoboacións forestais de piñeiro e eucalipto e aplicou xenerosas subvencións para o abandono de terras agrícolas e a forestación delas, medida inexplicábel e inxustificábel para Galicia por ter pouca terra adicada a cultivos e praderías (menos dun terzo do total) e máis grave áinda se consideramos as nosas posibilidades agrarias que superan amplamente o 50% da superficie galega e en caso de pretendelo puideran chegar ao 74% do territorio . Ningunha administración se interesou pola situación do noso bosque autóctono nin aumentar a sua superficie, estado de conservación, mellora, equilibrio ecolóxico que representan...

PAC. Dende 1992 dentro da Política Agraria Común, PAC, subvenciónase a forestación de terras agrícolas (pinos e eucaliptos) e os propietarios xa nese ano poden percibir da orde de 175.000-182.500 pts/ha para forestación ademais dunha cantidade para mantemento 15.000-25.000 pts/ha e unha cantidade para compensación 20.000-23.000 pts/ha.

Por si non quedara claro o interese de Bruxelas, as axudas europeas anualmente puntuais viñan e veñen para Galicia en dobre dirección a realizar no mesmo tempo, por un lado forestación de terras agrícolas e por outro ao considerar que existía moita poboación activa na agricultura, pretendian que a poboación agraria fora diminuíndo e retirala do mundo agrario. Sirva como exemplo do que se di que no ano 2001 nas axudas ó desenvolvemento rural (aplicación da Política Agraria Común, transferencias FEOGA-Garantia) o 45,1% da contía das transferencias corresponden á silvicultura e repoboación forestal , mentres que o 36,9% van destinados a programas de xubilación anticipada e o 16,8% son axudas a zonas desfavorecidas e con dificultades ambientais. No conxunto do Estado estas tres medidas reciben o 43,3% das axudas ó desenvolvemento rural, fronte ao 98,8% en Galicia. Claro que ese mesmo ano 2001, o sector dos cultivos herbáceos recibiu aquí o 6,4% dos fondos mentres o conxunto do Estado recibía o 43,3%.

A planificación das repoboacións forestais funcionou sen descanso na Administración, así dentro do Programa Operativo Integrado de Galicia 2000-2006 contemplase para superficie forestal mellorada e repoboación un total de 76.320 ha dos que 11.545 ha xa estaban realizadas a finais do ano 2001.

As axudas a forestación e repoboación forestal por parte da Xunta e da Administración galega son permanentes e seguen neste últimos anos, así en decembro do 2015 a Orde da Xunta DOG 248 30/12/2015 convoca axudas do 100% para forestación de terras non agrícolas pero que estean incluídas en terreos forestais, pasto con arborado e pasto arbustivo sempre que a fracción de cabida do arborado sexa inferior ao 20%. E nese mesmo ano a Consellería de Agricultura anunciaba para o ano 2016 axudas para forestacións de 35,6 millóns de euros e para tratamento selvicola e mellora 4,5 millóns de euros, axudas que superaban

amplamente as do ano anterior. Sorprende que as axudas para forestación sexan case oito veces superiores que as axudas para selvicultura .

Estas axudas non son de agora, a administración galega interesada en expandir o eucalipto chegou en algún tempo a conceder axudas e subvencións maiores as da lexislación estatal. No ano 1996 a subvención en Galicia para o eucalipto multiplica por 5 a do ano 1993 e ademais é mais do dobre da establecida para a Unión Europea e 5 veces superior a do conxunto do Estado. No Plan de reforestación (MAPA 93-97) reforéstase 2.097 has e páganse 471 millóns de pesetas ate decembro do ano 1995 en concepto de primas de reforestación.

As axudas son determinantes para potenciar unha especie, a veces potenciase o eucalipto sen que pareza que é en exclusiva, a veces poténcianse coníferas, así por exemplo un incremento das axudas da administración ao Pinus pinaster a finais dos anos 90 ao considerala creadora de ecosistemas forestais permanentes en cotas entre 600 e 900 m fixo que se pasase de utilizar 4,15 millóns de plantas na campaña 96/97 (15% do total) con unha extensión repoboadade de 2.650 has a 10,7 millóns no ano 98/99 (29% do total) e 6.825 has anuais repoboadas con esta especie.

Pola contra nesa época as subvencións e axudas as frondosas autóctonas, especies propias do país son iguais que as do resto do Estado e menos da metade das da Unión Europea .

## 2. Axudas lexislativas do Goberno Galego

Unha Orde do 19 maio 2014 da Consellería do Medio Rural e do Mar “ pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia” que ten como obxectivo facilitar a) o traballo os silvicultores, b) producir produtos forestais de calidade, c) promover a xestión forestal sustentable e d) mellorar o estado selvicola dos montes galegos . Esta Orde evidencia que non existe ningún Plan de Ordenación de Recursos Forestais e ofrece medidas de última hora aplicadas a diversas especies entre elas a Eucaliptus globulus e Eucaliptus nitens.

Para ambas especies Eucaliptus globulus e Eucaliptus nitens fixa como territorio no conxunto dos XIX distritos en que dividen Galicia

- a) Na Provincia da Coruña: Distritos I Ferrol, II Bergantiños-Mariñas Coruñesas, III Santiago-Meseta interior, IV O Barbanza e V Fisterra.
- b) Na provincia de Lugo fixa para E. globulus o distrito VI A Mariña Luguesa. Para Eucaliptus nitens fixa tres distritos: tamén o distrito VI , o distrito IX Lugo-Sarria excepto os concellos: Castroverde, Sarria, O Incio, Samos, Triacastela, Paradela, O Páramo, Láncara, ademais do distrito X Terra Chá .
- c) Na Provincia de Pontevedra : Para E. globulus e E. nitens fixa os distritos: XVI Deza-Tabeirós, XVII O Condado-Paradanta, XVIII Vigo- Baixo Miño e distrito XIX Caldas-O Salnés.

En resumo 10 distritos asignados para E. globulus e para E. nitens 12 distritos menos algúns concellos (8) dun distrito.

## 3. Permisividade e relaxación das Normas e Leis da Administración.

Exemplos: As distancias de novas plantacións a fincas llindeiras, vivendas, infraestruturas; as plantacións ilegais; cortalumes; a utilización de maquinaria pesada que perjudica o medio....

a) Distancias. A Lei de Montes en vigor, que non apostou por unha autentica política forestal e agraria sostible e xeradora dun medio rural vivo e con calidade de vida, favoreceu a febre “eucaliptizadora” actual. No anexo II da Lei 7/2012 de 28 xuño de Montes de Galicia, contémplanse as distancias a que se poden plantar os eucaliptos a respecto das parcelas lindantes, vivendas, cursos fluviais... que son:

- A 10 metros de distancia das parcelas forestais e das dedicadas a labrádeo, cultivo, prados ou pastos, e a terreos ubicados en solo rústico de especial protección agropecuaria.
- A 10 metros tamén de autoestradas, autovías, estradas, corredores de vías rápidas, vías férreas.
- A 4 metros das pistas forestais principais en concellos declarados de alto risco.
- A 15 metros de leitos fluviais de mais de 2 m de ancho a contar desde o dominio publico.

- A 30 metros das edificacións, urbanizacións, vivendas illadas, zonas industriais.
- A 50 metros de cámping, gasolineiras e industrias.

Estas distancias en especial as lindeiras con terreo agrario, cultivos e praderías así como os relacionados coa ribeira fluvial son extremadamente permisivas ( ver Cadro XX), e fomentan a plantación de eucaliptos, en Asturias dos 78 “Concejos”, xa no ano 2007 a terceira parte, 26, tiñan normativa propia mais esixentes que a normativa galega do 2012 e duplicaban ou triplicaban as distancias das plantacións de eucalipto.

**Distancia de plantación de eucaliptos a parcelas lindantes, vivendas, camiños...Comparación entre a Lei de Montes de Galicia e a Normativa que aplican diversos concellos de Asturias. Distancia en metros.**

	Cultivos	Praderías	Ribeira fluvial	Vivendas	Camiño Santiago	Camiños
LEI de Montes 7/2012 Xunta de Galicia	10	10	15	30		4
Concejo de Grandas de Salime Asturias, límite con Galicia	20	20	20	50	30 banda	20
Concejo de Colunga	30	30	5	300	30 banda	8
de Corvera	25	25		50	30 banda	10
de Cudillero	20	20	20		30 ba	
Gozón	30	20	50	70		5
Illano	20	20	20	70		20
Piloña	30	20	50			5
Pravia	30	20	15	100		8
Quirós	50	50	50	50		50
Ribadeva	15	15	15	15		15
Salas	20	20	5	40		3
San Martín de Oscos , proximo a Galicia	20	20	5	100		
San Tirso de Abres, límite con Galicia	15	15	25	50		
Tapia de Casariego	15	15	5		30 banda	
Taramundi , límite con Galicia	20	20	20	100		3
Valdes	20	20	20		30 banda	20
Vegadeo	20	20	5		30 banda	3

Fonte: Lei de Montes 2012. Xunta de Galicia e Guía distancias legais de plantacións forestais Gobierno Principado Asturias.2007.

Ademais a altura do 2017 a Xunta de Galicia non obriga a aplicar esta laxa normativa da Lei de Montes, calquera pode observar que as distancias marcadas non se cumpren, e todos saben que non pasa nada. Os Organismos públicos poden actuar de oficio en zonas de dominio público hidráulicos, zonas de servidume a beira dos ríos ( franxa de 5 m), zonas de servidume de tránsito a beira do mar (franxa de 6 m Lei 22/1988 Ministerio de Medio Ambiente), zonas de servidumes de estradas estatais ( franxa de 25 m, R.D. 1812/1994 Ministerio de Fomento) e no resto de estradas ( 8m R.D. 1812/1994), zonas de dominio público do sector ferroviario ( franxa de 8m Lei 39/2003 do sector ferroviario Ministerio de Fomento)... Os organismos públicos poden actuar pero non actúan, son os primeiros infractores ao non respectar nin as súas propias Normas nin Leis.

#### b) Relaxación das Normas por parte da Administración .

Exemplos: Plantacións ilegais, cortalumes, herbicidas, maquinaria.

. Plantacións ilegais. Centenares de expedientes por plantacións ilegais de eucalipto ( mesmo plantación en praderías) e outras denuncias diversas figuran en Medio Rural nos últimos anos (Rábade, Begonte, Lugo, Ferrolterra, Moeche, Xallas, Sta Comba, Pontedeume, Ortegal, Eume...) e mesmo neste ano e pode considerarse que as denuncias tramitadas son unha porcentaxe moi pequena da situación real das plantacións ilegais e de non cumplir as Normas de Repoboación como por exemplo as distancias mínimas esixidas por Lei. Os propios axentes forestais en moitas ocasións que coñecen as situacions non actúan de

oficio senón que esperan a que se denuncie para poder actuar. Xa se citou que algún sindicato agrario indicou que existen mais de 30.000 ha de eucalipto plantadas de forma ilegal en terrenos nos que non se podían plantar segundo a Lei de Montes.

. Cortalumes e herbicidas utilizados nas cunetas e beiras das estradas:

- Os cortalumes que tiñan que realizarse seguindo as curvas de nivel ( mesmo asi son recomendados polas Normas de Agricultura), en moitos montes calquera pode observar como en terreo con pendente pronunciada se realizan cortalumes de arriba a abaxo abrindo unha fenda vertical na vexetación todo o contrario do que se debe facer xa que así favorecese a erosión ao chegar a choiva e perdease solo monte abaxo quedando a rocha ao descuberto.

- Na actualidade ano tras ano seguen a utilizarse herbicidas para eliminar a vexetación da beira das estradas públicas especialmente nas autoestradas e autovías pero tamén nas estradas locais, áinda que se sabe e todos os anos as organizacións de defensa do ambiente manifestan publicamente que repercuten negativamente na biocenose, entran nos acuíferos e contaminan a auga superficial sendo moi problemáticos (cando non causan cancro) na mesma saúde humana e aumentan a posibilidade de incendio. Unha vez que entran nas augas subterráneas a contaminación pode permanecer durante anos.

c) Maquinaria. Nos procesos de tala ou nova plantación de eucalipto, onde se utiliza maquinaria pesada, obsérvanse problemas de erosión en zonas de pendente pronunciada ( a finais do 2016 na parte oriental da Serra de Meira pudemos observala) . Tamén esta maquinaria, no norte de Lugo, afectou a 30 xacementos arqueolóxicos (castros, mámoas..) que se considera foron arrasados polo paso de maquinaria pesada para talas. Non só eso esta mesma maquinaria inapropiada destrúen especies autóctonas e chega a desviar regatos, tira paredes e sebes nas lindes e deixa unha paisaxe e un terreo irrecoñecible e disposto para aumentar a erosión. Na prensa de Ferrol aparecían en febreiro do 2017 noticias relacionadas co mal estado no que quedaban camiños, montes e muros tras a tala de eucalipto na zona rural e nas proximidades de Ferrol.

4. Os incendios e as talas a feito favorecen a expansión do Eucalipto.

. Os incendios forestais favoreceron a expansión do eucalipto, este é unha especie pirofítica, pioneira e invasora, que rebrota despois do paso do lume e ademais as súas sementes acadan un medio idóneo de xerminación nas cinzas en masas de miles de plántulas.

Co Eucaliptus glóbulus o problema limitábase dende o nivel do mar ate aproximadamente 300 m de altura, agora co Eucaliptus nitens o problema vai dende o nivel do mar e alcanza altitudes superiores aos 1000 m.

Os incendios que afectan a pinares, carballeiras, fragas ou monte baixo son un “caldo de cultivo” para a introdución do eucalipto nesas áreas. As repoboacións nuns casos e as “invasións” fan que cada vez teñamos mais eucaliptos e ocupen un espazo maior. A rapidez do crecemento do eucalipto fai que as especies afectadas polo lume non podan competir coa rapidez de asentamento e crecemento do Eucalipto.

Observase que as zonas que se talan de coníferas en Lugo, en boa parte son ou van ser plantadas ou colonizadas por eucalipto polo que lentamente se vai sustituindo a superficie de piñeiro por eucalipto.

5. Introdúcense e poténcianse novos Eucaliptos.

. O Eucalipto nitens introdúcense en Galicia da mao ENCE que nos seus propios viveiros importan sementes desta especie de tres procedencias australianas distintas , con ensaios de adaptación e crecemento en Chile para ver a resistencia ao frío. Saben que hoxe non ten inimigos naturais aquí e que ademais medra máis rápido que E. globulus e produce mais madeira. Unha vez que se introduce outros viveiros empezan a ofrecela e introducila en altitudes que van de 300 a mais de 1000m onde antes non estaba o eucalipto. O recorrido foi moi rápido si nun principio apenas se plantaban 2.000 has/ano, nos últimos anos supéranse as 10.000 has/ano. Non importa que sexa unha planta exótica, invasora e pirófita e mesmo que a fabrica de

celulosa de Pontevedra so utiliza o 5-10% desta madeira, trátase de que exista moita madeira no mercado e así xa baixan os prezos de todas.

Introducir especies exóticas sen control e sen valorar os problemas e as pragas que poden traer para o futuro e sen experimentar en plans piloto previamente, ocorre en Galicia pero é raro que se de nun país desenvolto Europeo. Todos coñecemos que outros países ( Estados Unidos, Australia...) son rigorosos ou rigorosísimos ao introducir novas especies nos seus cultivos e son escrupulosamente revisados os viaxeiros en aduanas, parques nacionais

. O grupo Ence quería cultivar nunha parcela de concesión do Estado en Navia, Asturias, catro millóns de plantas de Eucaliptus nitens e solicitou permiso no 2009. O Concello, Principado e Demarcación de Costas que en principio deron o permiso víronse posteriormente coa dúbida xa que a empresa pretendía aumentar a extensión a plantar e mesmo substituír o Eucaliptos globulus por Eucaliptus nitens. O Ministerio de Medio Ambiente ao ser unha concesión e antes de dar o “visto bo” solicitou no ano 2012 ao Servizo de Especies Protexidas do Goberno do Principado un informe que chega a seguinte conclusión:

“*Eucaliptus nitens é mais que probable que presente capacidade invasiva que pode resultar prexudicial para o medio natural*”. Outro informe do Comité Científico do Ministerio para o desenrollo do listado de especies silvestres en réxime de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas determinou que “*resultan moi perigosos debido ao seu carácter invasor , pola sua capacidade de dispersión e transformación do medio que habita, bloqueando o funcionamento do ecosistema*”. Mesmo o Comité Científico insta a erradicar as plantacións que se realizaran xa.

O Ministerio de Medio Ambiente prohíbe no ano 2013 plantar Eucaliptus nitens pero autorizou a Ence a utilizar a parcela na marxe dereita de Navia de 10.00 metros cadrados. A papeleira ENCE recorre a decisión ante a sala do Contencioso Administrativo da Audiencia Naciona<sup>1</sup>, pero esta rechaza o recurso no ano 2015 e obriga a ENCE a pagar as costas. Confirmou polo tanto o voto desta especie. Empresas como “Asmadera” pretende cultivar o eucalipto nitens tanto para madeira como para cultivo enerxético. Na sentencia asúmense os argumentos do Comité Científico do Ministerio e lembra-se que o Eucaliptus nitens é unha especie expansiva, con alto risco de invasión e moi perigosa para o mantemento da biodiversidade e a funcionalidade dos ecosistemas. Asturias ten E. nitens no límite con Galicia plantados (sen autorización?), en Galicia estanse plantando mais de 10.000 ha/anos desta especie cando fai 12-15 anos plantábanse 3.000 ha/ano.

## 6. O abandono do campo como desculpa.

A diminución da poboación activa dedicada a agricultura e o paso da poboación do mundo rural a cidade tamén levou consigo que se abandonaran algunas terras agrícolas, terras que terían que sumarse as explotacións agro-gandeiras existentes e especialmente as que aumentaban o número de reses nos seus establos, pois coñecemos a gran dependencia de pensos e alimentos externos das granxas por non poder producir o suficiente nas poucas terras que posúen, situación que fai menos rendibles as explotacións gandeiras.

Pola contra o abandono de terras fixo que na maioría dos casos na búsqueda de unha rendibilidade inmediata se plantasen especies de crecemento rápido, e en especial eucaliptos. A inversión era mínima e asequible, non se precisaba coidar nin limpar o monte, tampouco estar pendente dil, si ardía ao propietario non lle trae custo, pagabamos todos, e si todo ia ben despois de 12-15 anos podían recollerse algúns euros sen traballo, mesmo algunha empresa se podía ocupar de todo. Mellor isto dicían que ter a terra abandonada e todo por non existir dende a Administración unhas directrices claras para ir aumentando a terra abandonada para servizo da agro-gandeira existente.

## 7. O prezo da madeira como moeda de cambio de especies.

Os prezos fixados polos monopolios madeireiros inflúen notablemente en que plantar no monte, si soben durante algún tempo os prezos dunha especie isto é un estimulo para que se plante esta especie sen contar que cando pasen varios anos e poda venderse a madeira o prezo pode subir ou baixar varias veces. Por exemplo un eucalipto plantado no ano 2000 cando o prezo da madeira en m<sup>3</sup> era de 29,6 euros , si se

cortase hoxe o prezo sería de 25 euros m<sup>3</sup>. E polo medio flutuou segundo os intereses dos monopolios entre o 2005 e 2010 a 32 euros, no 2014 a 35 euros, no 2015 a 33 euros, no 2016 a 28,75 e en marzo do 2017 pagarián 25 euros.

#### 8. As Frondosas autóctonas: Falta de plántulas, encarecimiento e deficiente mellora xenética

Aínda pretendendo plantar especies autóctonas, os viveiros darán longos tempos de demora para plantacións de frondosas do país : castiñeiro, carballo, cerdeira ... , conseguir plantas seleccionadas leva varios anos, mentres os eucaliptosNo ano 2016 nos medios de comunicación daban a noticia que que se logrou por medio de mellora xenética aumentar a densidade da madeira de Eucaliptus nitens nun 15% reducindo así a diferencia de rendemento co globulus na industria do papel. Un ano antes existia xa unha técnica que permitía reproducir en serie e de forma indefinida exemplares seleccionados de eucalipto mantendo as mesma características en cada un deles- embriogenese somática- . Os esforzos de mellora xenética están centrados no eucalipto pero algunas aplicacións serven para os carballos ou castiñeiro, pero na práctica non se producen.

## CONCLUSIONS

do Informe sobre os Eucaliptos e o Forestal Arborado Galego 2017. elaborado por **R. Varela Díaz**

Maio 2017

### 1. Somos o primeiro produtor de madeira do Estado.

A superficie forestal arborada actual é mais que suficiente para producir madeira.

A superficie forestal arborada de Galicia na actualidade representa o 7,7% da superficie arborada do Estado e producimos 8,25 millóns de metros cúbicos de madeira no ano 2015 que é mais da metade da madeira que se tala no conxunto do Estado. Estamos en condicións para producir mais de 11-12 millóns m<sup>3</sup> (no Estado o total apenas é da orde de 15 millóns de metros cúbicos) ou incluso máis só con ordenar e realizar silvicultura na extensión forestal arborada actual. Galicia pasou de producir o 22,5% da madeira do Estado no ano 1980 ao 30% ao inicio da década seguinte, para chegar ao 48% no 2011, superar o 50% no 2014 e alcanzar case o 58% no ano 2015. Galicia aporta ao Estado o 48% das cortas de coníferas e 62% das cortas de eucalipto.

O Goberno Galego pretende aumentar a superficie forestal arborada ate nun 15% para producir cada vez mais madeira. Na actualidade estamos exportando directamente madeira (algún ano máis do 10% do que producimos), e por falta de industria apropiada exportamos o 80 % da madeira serrada o 70% dos taboleiros/chapas que serven ambas para a segunda transformación, e o 99% da pasta de celulosa. Galicia está especializada na producción de produtos intermedios pero ao non ter unha industria forte de carpintería, mobles, ebanistería, envases, fabricación de papel e cartón, artes gráficas... perdemos un importante valor engadido.

### 2. O Goberno Galego ten que paralizar as plantacións de Eucaliptus nitens .

Debe elaborarse un Plan para levantar o E. nitens plantado ilegalmente.

Pola sua capacidade e potencial invasor- demostrada dende Informes aportados e aceptados polo Ministerio

de Agricultura e o Goberno do Principado de Asturias- e por ser unha especie exótica e pirófita a plantación e extensión de Eucaliptus nitens pon en perigo o bosque clímax galego. Até agora en altitudes superiores a 300-400m non chegaba o Eucaliptus globulus, na actualidade o Eucaliptus nitens estase plantando en masas puras entre os 300-700m e sigue avanzando en altitude, pode superar facilmente os 1000m e como invasora que é pon en peligro o pouco que queda do bosque autóctono.

Ademais debe elaborarse un Plan de control para levantar o Eucaliptus nitens plantado ilegalmente ( mais de 30.000 ha) e un Plan para que non se expanda e invada fragas, matorral ou zonas de cultivo das repoboacións existentes hoxe e mesmo poñer datas e prazos para ir paulatinamente diminuíndo a sua extensión ate que sexa cero.

Como Norma non se debe autoriza-la introdución de novas especies forestais, ata que os estudios científicos pertinentes, xunto coa conveniencia social e económica da súa introdución, demostren que non é invasiva e teña interese a sua plantación en Galicia. Cando unha especie sexa aceptada debe limitarse a sua extensión e zona de plantación durante algúns anos para ver a sua evolución nunha área determinada.

### **3. Debe conxelarse a extensión de Eucaliptus globulus.**

No futuro ten que diminuir a sua extensión.

As cortas anuais de madeira de eucalipto son da orde de 4,5 millóns de m<sup>3</sup>, e cada vez a especie conquista máis territorio. Mesmo sorprende en 2016 a Administración na 1ª Revisión do Plan Forestal o avance do Eucalipto que considera está en medio millóns de ha, pero en realidade está preto das 600.000 ha. A extensión que tiñan previsto no Plan Forestal do 92 que ocuparía no ano 2032 (dentro de 15 anos) xa se superou hoxe en 230.000 ha. En masas monoespecíficas xa superaron as previsións en 40.000 ha e en masas misturas xa excede en 190.000 ha. So este motivo obriga a esixir unha reducción progresiva do espazo que ocupa hoxe o E. globulus e eliminar canto antes aos eucaliptos "invasores" que están hoxe colonizando e perxudicando o bosque caducifolio. ENCE estima que precisa para manter un subministro sostido de madeira unhas 138.318 hectáreas de cultivo de eucalipto para a súa fábrica de Pontevedra, ainda considerando que o eucalipto tamén abastece en parte a Ence Navia- Asturias, e as fábricas de taboleiros, e mesmo aos serradoiro, ainda así sobra cunha superficie moi inferior a actual e moito máis se esta está ordeada.

Tamén convén coñecer que mentres no Estado o 94,8% das especies son autóctonas e as especies alóctonas representan o 4,59 % da superficie arborada, en Galicia é o revés, o 75-80% son alóctonas (coníferas e eucaliptos) e tan só o 20-25% son especies autóctonas.

### **4. O Impacto medioambiental das actuais repoboacións e moi alto.**

Débese utilizar nas repoboacións forestais especies propias do país.

Temos especies rendibles sin ser o eucalipto.

Teñen que recuperarse os bosques galería da ribeira dos ríos e protexer e aumentar o bosque galego en xeral

O impacto medioambiental das actuais repoboacións forestais artificiais e intensivas e moi grande: Reduce os hábitats naturais e seminaturais, a flora, aves, insectos, mamíferos... repercuten na calidade do solo, plantexandose problemas de erosión e empobrecemento. Compiten pola auga e invaden hábitats naturais e o bosque clímax galego, algunas zonas (norte de Lugo e A Coruña) xa so teñen pequenas manchas de vexetación autóctona, illadas, fráxiles e vulnerables. Son especies pirofíticas, moi inflamables, as follas a codia e a madeira arden con facilidade e a xerminación das sementes en lugares arrasados por incendios fai que non so volvan ocupar o mesmo espazo senón que se estendan a lugares fora dos monocultivos. Antes ou despois conlevan a entrada de pragas e enfermidades desconecidas...

A propia Xunta recoñece (1ª Revisión do Plan Forestal no 2016) que non se cumpriron as expectativas previstas no Plan Forestal do 92 para o bosque autóctono, pretendian como obxectivo cortar anualmente 2

millóns de metros cúbicos de madeira de frondosas do país, no ano 2015 cortaronse 280.000 m<sup>3</sup>. Ademais confirma o seguinte: “o bosque autóctono so cumpliu as expectativas previstas en Ourense quedando lonxe nas demais provincias especialmente A Coruña e Pontevedra”. Pero descoñecemos cales son as medidas que pensa adoptar no futuro (posiblemente ningunha). Precisase aumentar a extensión das repoboación productivas con caducifolias e necesitase protexer e aumentar a extensión do bosque autóctono.

Son moitas as razóns que levan a defender repoboación con especies autóctonas e protexer o bosque galego,. As caducifolias son especies clímax adaptadas ao medio, posibilitan a diversidade e existencia de flora e fauna silvestre, fertilizan e melloran o solo, regulan o ciclo hidrolóxico, son compatibles coa producción de varios usos: madeira, gandeira, mel, cogomelos..., melloran a paisaxe e a saúde - tonos cambiantes ao longo do ano-, son mais apropiadas no territorio en época de seca e por enriba de todo son idóneas en tempos de Cambio Climático, por si fora pouco son de maior valor económico que compensa o ser mais lentas no crecemento... e ademais son as nosas.

A madeira de calidade de nogueiras, cerdeiras, freixos...que moitas veces importamos pódese producir facilmente nos nosos montes. Dende a Xunta consideran erroneamente que as masas de bosque autóctono son “non produtivas” e non potencian as nosas especies, cortamos menos do 5% de madeira de frondosas autóctonas, mentres que o 95% restante cortase en madeira de piñeiro e eucalipto que reporta da orde de 300 millóns de euros/ano, si se plantase so a cuarta parte de extensión de repoboación de caducifolias nos anos 70-80 hoxe podianse estar xa empezando a talar e o seu valor superaría amplamente o citado. A administración non ten en conta que o valor da producción de castaña hoxe, nunha extensión mínima reporta da orde de 40 millóns de euros/ano, a producción do viñedo - que compite pola superficie co Eucaliptus globulus e numerosos lugares- reporta 180 millóns/ano e a extensión de viñedo (hoxe 26.000 ha) facilmente podía estenderse a zonas baixas repoboadas ou invadidas por eucaliptos ( Morrazo, Salnés, Barbanza...), e ademais temos que contar o aporte económico da apicultura (superá os 10 millóns euros /ano en mel e outros productos sen contar os beneficios da polinización na agricultura - 130 millóns?- ... ) , cogomelos (10 millóns euros/ano), plantas medicinais, cereixas, nozes, abelás... e de estar ordenado o territorio podiamos ter gando no monte forestal desarborado e mesmo no arborado con pasto, gando inigualabel pola calidade da sua carne.

Necessitase unha maior protección do bosque de ribeira e aumentar notablemente a sua extensión polo papel ecolóxico que cumple na diversidade, sostenibilidade, control da erosión e de avenidas e inundacións, mellora e aumenta a riqueza da fauna ( rio, terrestre e aérea), influencia na calidade e temperatura da auga....

##### **5. Os incendios son un gran problema e un gran negocio.**

A forma de loitar contra os incendios non é a correcta, a prevención é básica.

No ano 2015 en Galicia danse o 24,22% do total de incendios e conatos de incendios e o 12,57% da superficie queimada do Estado. No ano 2016 arderon máis de 20.000 ha que representaban mais da terceira parte do total do Estado. Os incendios son intencionados e ocasionan un gran impacto ecolóxico con enormes gastos sociais, perdidas económicas, mortandade e perdidas de diversidade nos ecosistemas e mesmo perdidas humanas . Os incendios forestais son unha forma de expansión espontánea de Eucaliptos globulus e de Eucaliptus nitens a costa doutros tipos de vexetación, como se evidencia coa experiencia de 60 anos. Precisase contra os incendios un novo enfoque centrado na prevención, aplicación de novas normas estrictas nos cultivos forestais e sancións adecuadas aos infractores e incendiarios.

Urxo adoptar unha serie de novas medidas:

a)Aproveitar o matorral do monte baixo por gando en liberdade (ou seme-liberdade, en vixilancia a quendas ou individual estrita), a gandeira extensiva : vacún, ovino, caprino, cabalar e en algúns casos porcino, así diminuirá a biomasa a disposición do lume e manterase o monte pastable, ademais de podelo

aproveitar para outros usos. Crearía postos de traballo todo o ano, e fixaría poboación no rural. Lembremos que a superficie de matorral que arde anualmente é maior que a superficie arborada, desta maneira a posibilidade de incendio redúcese.

b) Aumentar o pasto no forestal arborado, con arborado en densidade baixa e prado utilizable por gando. Teñen que potenciarse as devesas onde arbores e pasto compatibilizan os usos con aproveitamento madeireiros e outros como, leña, biomasa, froito, mel, cogomelos, caza, plantas medicinais e aromáticas... Estes produtos de calidad e aproveitados de forma sostible non teñen competencia no mercado e así garantiremos unha biodiversidade, sostenibilidade e protección da fauna silvestre ao tempo que fixaremos poboación no rural.

c) Cambiar as especies forestais nas repoboacións, é mais nun momento de cambio climático que leva más seca no medio, temos especies propias do bosque autóctono (cerdeiras, castiñeiro, carballos, nogueiras, freixos...) que consumen menos auga do solo que as especies de repoboación actuais e crean un ambiente más húmedo e fresco no interior do bosque, resisten mellor as condicións adversas e o lume.

d) A Administración debe poñer Normas Novas co fin de evitar o inicio do lume, as Comunidades de Montes e os propietarios particulares con repoboacións de crecemento rápido de piñeiro e eucaliptos teñen que vixiar os seus montes, mantelos relativamente "limpos" e en condicións de baixa posibilidade de incendio, aplicando a retirada por parcelas de biomasa anualmente ou cada certo número de anos dependendo das zonas e de criterios ecolóxicos. En caso de incendio nos seus montes deben aportar unha porcentaxe económica relacionada cos gastos realizados para apagar o lume. Os incendiarios teñen que ser perseguidos e sancionados eficazmente.

e) Ten que crearse un Imposto Verde. Non pode recaer no conxunto da sociedade o custo de preto de 200 millóns de euros para a campaña anual de loita contra os incendios, polo que por cada metro cúbico de madeira de piñeiro e eucalipto que se tale débese aplicar un canon que serva para recadar economicamente e destinado a loita de prevención primeiro e loita contra incendios e recuperación despois, canon que desaparecerá cando desaparezan os incendios forestais.

Ao mesmo tempo dado o impacto medioambiental que traen as repoboacións forestais de piñeiro e eucalipto debe crearse un imposto verde si se insiste en plantar estas especies, imposto que iría destinado a un fondo exclusivamente medioambiental.

Os incendios ate hoxe non paralizaron a produción de madeira en Galicia é mais serviron para estender o eucalipto e para aumentar as cortas anuais de eucalipto e piñeiro. Un fenómeno que se repite ano tras ano durante 60 anos so pode producirse se ten como cómplice por activa ou pasiva a unha administración que fai un dobre xogo, por un lado saca fondos públicos para facernos crer que esta combatendo o lume e por outro a sua política forestal potencia as arbores de crecemento rápido e as mesmas especies beneficiadas co lume.

## 6. Industria. Temos que exportar gran cantidad de madeira e produtos semitransformados por falta de industria aquí. Precisase potenciar a industria do moble e dos produtos do bosque Autóctono .

Galicia a nivel industrial está especializada na produción de produtos intermedios, centrase no primeiro elo da cadea forestal: madeira, taboleiros/chapa, pasta de celulosa. Falla a segunda transformación onde estaría a industria do moble, carpintería, envases, fabricación de papel e cartón...este tipo de industria consumiría menos enerxía, auga e materias primas, produciría menos contaminación e daría mais postos de traballo e mais valor engadido, pero hoxe esta industria está fora de Galicia. Aínda que somos unha potencia madeireira non se logrou que se completan os ciclos nin que se desenvolva unha industria da madeira e do moble acorde coas nosas posibilidades , necesidades e producións. Tan so transformamos dentro de Galicia o 20% da madeira serrada, o 30% dos taboleiros e chapas e menos do 1% da pasta de celulosa, ou o que é o mesmo sae fora de Galicia e exportamos o 80% da madeira serrada, o 70% dos taboleiros e chapa e o 99% da pasta de celulosa sen contar o case millón de m<sup>3</sup> de madeira en bruto.

Ao mesmo tempo debe potenciarse a industria relacionado coa madeira de ábores nobres e con froitos e produtos diversos: castaña, cereixa, noces, cogomelos, mel e outros productos das colmeas, flores silvestres, leña... Temos que producir madeira de calidad e leña do castiñeiro, carballo, bídalo, da nogueira, cerdeira, freixo, ameneiro .. codiciada e valorada en calquera país do mundo, temos posibilidades que outros non teñen e non aproveitalas é inxustificable, ao tempo deben crearse industrias relacionadas co aproveitamento de estas madeiras e da sua leña.

#### 7. Precisamos unha Ordenación do Territorio e unha ordenación do monte arborado.

A planificación física e a ordenación do territorio ten que ser previa a calquera política forestal. O Goberno Galego en silencio fai a sua planificación con feitos consumados. Non podemos perder terras agrícolas a costa de aumentar a superficie forestal. Estamos utilizando menos da terceira parte do territorio a cultivos e praderías, cando normalmente nos países europeos teñen case a metade da superficie a este fin. Galicia non pode perder terras de calidad para o forestal, mesmo tería que recuperar terras forestais (aínda que sexan algunas de mediana calidad) para cultivos e algunas praderías que en tempos antigos se fixeron a costa de terras de cultivo deben volver a sua “vocación” inicial e poden rotularse para praderías terrenos forestais. Ademais deben devolverse os terrenos hoxe plantados ilegalmente con repoboacións forestais que estaban neste século e aínda nesta década a pasteiro e terras de labor.

Podemos producir alimentos de calidad de forma sostible, ecolóxica e rendible e ademais é imprescindible fixar poboación no medio rural, podemos producir alimentos que hoxe importamos e en pouco tempo podemos poñelos mesmo no mercado exterior, que teñen un mercado asegurado. Resulta inxustificable e imperdoábel aumentar a producción de madeira de baixa calidad a costa de aumentar a superficie forestal e diminuir a superficie hoxe adicada a matorral, cultivos ou pradeira.

En breve síntese o modelo futuro debería pasar en todo caso por manter e facer sostible a producción de madeira e leña a base de boa xestión, organización e silvicultura adecuada, teñen que cambiar as especies das repoboacións forestais para conseguir eliminar os incendios e ter madeira de calidad, e ao mesmo tempo precisase aumentar e protexer o bosque autóctono e o bosque galería e intensificar e potenciar a nosa agricultura e gandeiría aumentando a superficie de cultivos e praderías dentro dun sistema intre-relacionado silva-agro-pastoril .

Precisase ordenar o monte arborado. Só están ordenados a cuarta parte das masas produtivas. O forestal arborado leva anos moi caótico, subvencionase, plantase e esperase para talar, polo medio non existe xestión forestal, nada de formación aos 70.000 propietarios, nada de entresacas, podas, limpeza do monte, vixilancia organizada dos veciños propietarios para que non arda...

#### 8. Precisase que incremente o Patrimonio Forestal Galego.

Temos unha moi baixa superficie de titularidade pública tanto do Estado, como da Comunidade Autónoma como dos Concellos. Mientras no Estado a superficie pública de monte é de 0,19 ha/habitante, en Galicia é de 0,02 ha/habitante. No Estado o 31,4% do forestal é de Patrimonio, mientras en Galicia os montes de Uso Público /Estado/Concellos representan o 1,5% do total forestal. Precisase incrementar o Patrimonio Forestal Galego pero a realidade é outra. Algunhas Comunidades de montes en man común estan xa repartindo ou permitindo o aproveitamento individualizado do monte de forma ilegal mentres a Administración esta pasiva ante esta usurpación ilegal e non esixe con rigor paralizar tales situacions. En caso de que as Comunidades sigan esta linea de privatización, a Administración ten que conseguir invertir a situación ou do contrario pasalos a Montes Públicos (dos Concellos, do Goberno Galego) de forma temporal . Pasado un prazo se non ve que as Comunidades teñan interese en utilizalos de forma comunal poderán pasalos a Patrimonio Forestal Galego.

Os Organismos públicos tamén tiñan que destinar un fondo anual para ir progresivamente mercando monte

e empezar por facer nesas superficies unha política de repoboacións axeitada e exemplar adaptada a realidade do país e en función dos nosos intereses. Na actualidade algúns Concellos contan con unhas pequenas extensións de monte, pero están abandonadas, a política oficial da Xunta en vez de axudar a poñela en explotación e potenciar un Patrimonio Forestal Galego, pretende que esas extensións pasen a Monte Comunal ou maos privadas.

#### **9. A Xunta incumpre as súas propias Normas e Leis**

- a) Distancias das plantacións de eucalipto a ríos, parcelas agrarias, camiños...,
- b) A obrigada limpeza e coidado dos montes con piñeiro e eucalipto,
- c) Consinte plantacións de eucaliptos en praderías ( 30.000 ha recoñecen os sindicatos),
- d) Ultimamente subvenciona plantacións de frondosas autóctonas onde xa están frondosas autóctonas,
- e) Permite cortalumes en vertical cando terían que seguir as curvas de nivel,
- f) Permite talas a feito en parcelas pequenas e grandes e utilización de maquinaria pesada en lugares de gran pendente,
- g) Incumpre sistemático a Lei de Avaliación Ambiental en procedementos que implican cambios de actividad agrícolas e forestais,
- h) Carece de Rexistro de masas autóctonas consolidadas prevista na Lei de Montes (artigo 93.1)
- i) Sigue reiteradamente utilizando herbicidas prexudiciais para a saúde humana e o ecosistema nas beira das estradas

....

#### **CONCLUSION FINAL:**

**Necesitase unha política forestal distinta e de protección e aumento do bosque autóctono e do bosque galería dos nosos ríos.**

Resumo e conclusóns do INFORME: EUCALIPTOS e o FORESTAL ARBOLADO 2017.

Autor: Ramón Varela Diaz.

Doutor en Ciencias Biolóxicas.

Catedrático de Bioloxía-Xeoloxía.

Ex-Presidente de ADEGA.

Informe de 56 páxinas que niste Resumo ten 22 páxinas.